

# ROSALYN SUSSMAN YALOW

Rosalyn Sussman Yalow nace no barrio do Bronx, en Nova Iork, en 1921 no seo dunha familia de emigrantes xudeus orixinarios do leste de Europa que, a pesar de non ter acceso á educación, quixo que as súas crianzas fosen á universidade.

Ao rematar os estudos secundarios consegue ser admitida na mellor universidade para mozas, e ademais gratuíta, o *Hunter College*, onde tamén estudará outra futura Nobel de Medicina, Gertrude Elion. Xa daquela se sentía atraída pola Física, feito ao que contribuíu a lectura da biografía de Marie Curie que a súa filla Ève viña de publicar, así como a asistencia a unha conferencia que o físico Enrico Fermi imparte sobre a fisión nuclear.

Cando comezaba o seu derradeiro ano de carreira, grazas ás súas habilidades en mecanografía, obtivo un emprego a tempo parcial como secretaria no laboratorio de Bioquímica da Universidade de Columbia, feito que lle permite asistir ás clases de balde.

En xaneiro de 1941 gradúase e en febreiro recibe unha oferta como profesora asistente de Física na Universidade de Illinois. Era a única muller entre as catrocentas persoas que alí estudaban. Alí tamén coñecerá ao seu home, Adam Yalow.

Cando os EEUU entraron oficialmente na II Guerra Mundial, o Departamento de Física foise baleirando, porque os homes novos foron recrutados para o combate e para a investigación científica segreda. A carga docente de Rosalyn aumenta, á vez que debe traballar na súa propia tese, que lerá en 1945.

Ese mesmo ano, xa casada, volve a Nova Iork. Nun primeiro momento acepta un posto de asistente no Laboratorio Federal de Telecomunicacións e, un ano máis tarde, regresa á Universidade de Hunter para ensinar Física.

Mais Rosalyn quere realizar unha actividade de investigación e, por medio do seu home, que traballa no Departamento de Física Médica do Hospital Montefiore, consegue un contrato no servizo de radioisótopos do Hospital de Veteranos do Bronx. No laboratorio Rosalyn proba o uso dos radioisótopos nos seres humanos para determinar o volume de sangue no corpo, as enfermidades do tiroides, o metabolismo do iodo ou a distribución das globinas. O paso seguinte foi utilizalos nas terapias con péptidos pequenos como as hormonas, concretamente a insulina. Nace da súa man o radioinmunoensaio de péptidos pequenos, capaz de medir a cantidade de hormonas que circula polo sangue da persoa en cada momento. Esta técnica revolucionaria creada na súa orixe para medir o nivel de insulina na diabetes, axiña se aplicará a centos de sustancias.

No ano 1977 Rosalyn Yalow obtén o Premio Nobel de Medicina ou Fisioloxía polo desenvolvemento da radioinmunoanálise das hormonas peptídicas. Nunca pedirá unha patente polo descubrimento desta técnica.

Durante varios anos Rosalyn ensina na Facultade de Medicina Albert Einstein, no

Hospital Montefiore e na Escola de Medicina Monte Sinaí. Xubíbase en 1992, pero continúa asistindo ao laboratorio varios días na semana.

Falece en 2011, a piques de cumprir os noventa anos.

Andrés Corugeira Ligeró

1º Bacharelato A